

CERTAME DE POESÍA INFANTIL "NADAL 2012"

CONVOCATORIA LOCAL

A BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL “JUANA DE IBARBOUROU” DE LOURENZÁ convoca o CERTAME DE POESÍA INFANTIL “NADAL 2012” (Fase local), de acordo coas seguintes

BASES:

1ª) Poden participar tódolos nenos, con poemas sobre o tema xenérico de “O NADAL”.

2ª) Establécense tres categorías: A (ata 8 anos), B (de 9 a 11 anos) e C (de 12 a 16 anos).

3ª) Cada autor poderá presentar cantos traballos desexe. Os poemas estarán escritos en galego e a súa extensión será como máximo dun folio por unha soa cara. Nun sobre pechado, grampado a cada traballo incluírase unha folla cos seguintes datos do autor: nome e apelidos, idade, enderezo, teléfono e colexio (na parte exterior do sobre só se escribirá a Categoría á que pertence o autor: A, B ou C).

4ª) O prazo de presentación dos poemas rematará o próximo 21 de decembro de 2012, debendo ser entregados na Biblioteca Pública Municipal.

5ª) Un xurado, formado por entendidos na materia, seleccionará por cada modalidade e categoría un máximo de tres traballos. Os autores seleccionados recibirán cadanseu diploma e libros.

6ª) Os traballos premiados nesta fase local, participarán na fase provincial do Certame, convocado pola Biblioteca Pública Provincial de Lugo, co patrocinio da Consellería de Cultura e Turismo da Xunta de Galicia.

7ª) O fallo do xurado local farase público na primeira quincena de xaneiro do 2013.

8ª) Os traballos premiados pasarán a ser propiedade da Biblioteca Pública, que se reserva o dereito de publicación dos mesmos.

9ª) Todas as incidencias non previstas nestas bases serán resoltas polo xurado.

10ª) A presentación das obras a este certame supoñen a aceptación das presentes bases.